Fiz Vergara Vilariño



XI PREMIO 2010 DE POESÍA

XI PREMIO 2010 DE POESIA

Fiz Vergara Vilariño

1 O Concello de Sarria e a Agrupación Cultural Ergueitos convocan o XI Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO.

2 As obras presentadas deben estar escritas en língua galega.

3 A extensión mínima será de 400 versos.
Os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame.

4 Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica. Enviaranse por correo certificado ao seguinte enderezo: XI Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO, Concello de Sarria, Rúa Maior 14, 27600 Sarria, antes do 31 de xaneiro do 2011.

5 Establécese un único premio indivisíbel dotado con 6000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente. O Xuri poderá deixar deserto o premio se considera que as obras presentadas non acadan unha mínima calidade.

6 O xuri estará composto por persoas de prestixio no mundo da creación ou a crítica literaria. Actuarán como Secretaria a Presidenta da Agrupación Cultural Ergueitos e como Presidente o Concelleiro de Cultura de Sarria, os dous con voz e sen voto. A decisión do xuri será inapelábel e será dada a coñecer no primeiro trimestre do 2011.

7 A obra premiada será propiedade do seu autor, agás a primeira edición que será publicada pola Editorial Espiral Maior. En posteriores edicións farase constar a condición de premiada no XI Premio de Poesía FIZ VERGARA VILARIÑO.

8 Os orixinais non premiados non serán devoltos e serán destruidos. Non se manterá correspondencia cos autores.

9 A interpretación destas bases correspondelle ao xuri. A participación no certame implica a súa aceptación.